

RESUMO LITERATURA FINS DO S.XX PRINCIPIOS DO XXI (Poesía, prosa e teatro).

Contexto.

Coa chegada da democracia, o panorama social e cultural de Galicia muda radicalmente. Remata a persecución dos usos públicos do galego, que é recoñecido idioma oficial na nosa comunidade pola Constitución de 1978, e iníciase unha progresiva normalización da lingua. Remata o longo proceso de estandarización do galego, coa publicación das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego que declarada normativa oficial en 1982, será referencia para a maior parte das publicacións escritas.

Por outro lado, regularízase o ensino da lingua e da literatura galegas no ensino non universitario. Isto supón unha grande revitalización do sector editorial en lingua galega, tanto na publicación de libros de texto como de libros de lectura literaria. Ao mesmo tempo, provoca a aparición dunha sorte de subxénero narrativo de temática e expresión especialmente adaptadas aos gustos adolescentes.

Créanse novas editoriais e dispárase o número de vendas do libro en galego. Algúns autores galegos comezan a ser traducidos a outras literaturas, o que supón unha maior difusión da nosa literatura no resto do Estado. A colaboración institucional, con importantes subvencións á cultura galega por parte da administración autonómica, consolida tamén outros sectores, como o teatro profesional ou o sector audiovisual.

▪ A poesía:

- **A década dos 70** comeza coa presenza dun grupo de poetas, denominados **Os Novísimos**, **aínda preocupados pola denuncia e a reivindicación, que comezan a introducir progresivamente temáticas intimistas e a procurar novos métodos expresivos.** Forman parte del Darío Xohán Cabana, Lois Diéguez, Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes, entre outros.
- **Nos anos 80 abandónase definitivamente a estética socialrealista.** Emerxen **tres tendencias importantes** que terán continuación nas décadas posteriores:
 - a) **O culturalismo**, manifesta unha **gran preocupación formal, un gusto por unha linguaxe coidada e culta e un gran coidado na elaboración poética e emprego da intertextualidade.** Vólvense a empregar, en parte, os **metros clásicos, como o soneto** ou os versos rimados e de regularidade métrica. En canto á temática, cobra especial importancia o intimismo, **a reflexión metaliteraria, os asuntos sociais** (cunha visión actualizada) e **o culturalismo** (corrente estética e literaria cuxa principal característica son as abundantes referencias culturais). Algúns autores desta corrente son

Xosé María Álvarez Cáccamo, Manuel Forcadela, Ramiro Fonte e Miguel Anxo Fernán Vello.

- b) **A poesía do cotián**, que reivindica unha **expresión natural** (en ocasións mesmo coloquial) que toma como temática preferida a **expresión da realidade máis próxima, da vida do día a día**. Os autores desta tendencia, entre os que destacan Pilar Pallarés, Lois Pereiro e, sobre todo, Manuel Rivas, reflicten tamén desde o **intimismo aspectos biográficos, aínda que sen abandonar totalmente unha certa reflexión social**.
 - c) **Poesía rupturista ou experimental**. Foi levada a cabo por autores (Antón Reixa, Alberto Avendaño ou Xavier Seoane) e colectivos (Rompente) que, recuperando en certa maneira o **espírito transgresor das vangardas**. A súa obra emprega os **recursos da poesía visual, incluíndo debuxos, fotos e outros elementos visuais, formando collages, caligramas ou xogando coa disposición tipográfica**.
- **Na década dos 90** prodúcese unha gran profusión de autores de poesía. As correntes poéticas emerxentes optan pola **simplificación formal, a súa linguaxe directa, o subxectivismo, o ton vivencial, a presenza actualizada e puntual da temática social e a marcada preferencia polo versolibrismo**. Dentro da gran pluralidade estética que manifestan estes autores (Chus Pato, Rafa Villar, Yolanda Castaño ou o colectivo Ronseltz)

▪ A prosa:

- **Na década dos 70**, conviven autores consolidados da etapa anterior, como Cunqueiro ou Blanco Amor, e os autores da Nova Narrativa Galega, como Méndez Ferrín e Carlos Casares, coa presenza de novos narradores que procuran novos camiños: X. Fernández Ferreiro, Paco Martín ou A. Rei Ballesteros.
- **Nos anos 80**, a narrativa ábrese a unha grande **variedade de subxéneros** até entón non abordados na literatura galega. Os autores máis importantes que inician a súa publicación nesta década son Víctor Freixanes (O triángulo inscrito na circunferencia), Xavier Alcalá (A nosa cinza), Alfredo Conde (Xa vai o grifón no vento) e Carlos Reigosa (Crime en Compostela).
- **A partir dos anos 90**, a narrativa consolídase como o xénero predominante. Algúns dos narradores máis importantes destas últimas décadas son Suso de Toro (Polaroid), Manuel Rivas (O lapis do carpinteiro), Fernández Paz (Cartas de inverno), Rosa Aneiros (Sol de inverno) ou Domingo Villar (A praia dos afogados).

En canto ao **aspecto temático**, pódense identificar **dúas tendencias**:

- a) **Continuadora da tradición, coas temáticas fantástica ou artúricocunqueiriana, a da historia recente**
- b) **Realismo sociolóxico e da realidade contemporánea;**

Prodúcese a irrupción de **novas temáticas e novos subxéneros** que até ese momento non foran cultivados pola narrativa galega, como a **novela negra, o western, a ficción futurista, a narrativa humorística e a novela urbana e experimental**. É de destacar amén a proliferación de **novelas de temática adolescente**.

▪ **O teatro:**

- **Década dos 60**, mudanza dun teatro afeccionado herdeiro do teatro independente, que tivo a súa eclosión nos anos 60, cara a un **teatro profesional**, liderado por un gran número de **compañías estables**. Membros do Grupo Abrente, Manuel Lourenzo, Euloxio Ruibal e Roberto Vidal Bolaño, grandes protagonistas do teatro independente impulsaron a profesionalización do sector, crearon un **teatro comprometido coa realidade social e política do país, exploraron novas formas estéticas**, actualizaron as vellas e **incorporaron á dramaturxia galega os logros da dramaturxia europea contemporánea** e serviron de guía e modelo para as xeracións posteriores.
- **Na década dos 80** créase o **Centro Dramático Galego** e comeza unha importante **política de subvencións da administración autonómica á produción teatral**, o que posibilita a **aparición de numerosas compañías estables**, entre as que destacan Troula, O Moucho Clerc, Teatro de Aquí, Sarabela, Teatro do Noroeste, Chévere, Matarile ou Teatro do Morcego.

As **tendencias temáticas** que caracterizan estas últimas décadas do teatro galego son **a crítica social** de aspectos da sociedade, moitas veces desde unha perspectiva humorística ou paródica, **o culturalismo**, caracterizado por unha reflexión sobre a vida e as súas relacións coa arte, **o neorruralismo**, que enlaza coa tradición de preguerra, mais aparece agora modernizado e actualizado, **a intertextualidade**, centrada na volta aos clásicos. Nestas últimas décadas do teatro galego, a par dos xa consagrados autores do Grupo Abrente, aparecen novos autores, como **Cándido Pazó**, Raúl Dans ou Quico Cadaval, que en moitos casos compatibilizan o seu labor de creación de textos coa interpretación e a produción de espectáculos.